

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

4761 *Real decreto lei 2/2010, do 19 de marzo, sobre redución do número mínimo de xornadas reais cotizadas para acceder ao subsidio por desemprego ou á renda agraria a favor dos traballadores eventuais agrarios afectados polas inundacións que se produciron nas comunidades autónomas de Andalucía e Extremadura.*

O Real decreto 344/2010, do 19 de marzo, amplía o ámbito de aplicación da Lei 3/2010, do 10 de marzo, pola que se aproban medidas urxentes para paliar os danos producidos polos incendios forestais e outras catástrofes naturais acontecidas en varias comunidades autónomas.

Dentro de tales medidas, recóllense unhas de carácter sociolaboral que afectan a percepción das prestacións por desemprego polos traballadores afectados por expedientes de regulación de emprego, exoneración de cotizacións nos casos en que se autorizasen suspensións de contratos ou redución de xornada ou a posibilidade de concesión de moratoria ata un ano sen xuro no ingreso de cotizacións correspondentes ata os tres meses naturais consecutivos ao anterior a aquel en que se produciu o correspondente sinistro.

Non obstante, a importancia dos danos ocasionados polas graves inundacións acaecidas nas comunidades autónomas de Andalucía e Extremadura, no último mes de 2009 e durante os primeiros meses de 2010, dificulta fortemente, pola súa incidencia na perda de xornadas de traballo, a consecución do número mínimo de xornadas reais cotizadas precisas para acceder ao subsidio por desemprego, regulado polo Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, e á renda agraria, regulada polo Real decreto 426/2003, do 11 de abril, polos traballadores eventuais do réxime especial agrario da Seguridade Social nas mencionadas comunidades.

Por iso, cómpre arbitrar os mecanismos necesarios para facilitar con carácter urxente e transitorio o cumprimento dos requisitos exixidos aos traballadores eventuais agrarios das comunidades autónomas de Andalucía e Extremadura, seguindo os precedentes de ocasións anteriores, nos cales ante circunstancias similares se aprobou, mediante o Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño, a redución do número mínimo de xornadas realizadas para acceder ás prestacións sinaladas.

A tal finalidade responde esta disposición, mediante a cal se sitúa en 20 o número de xornadas reais cotizadas exixidas aos traballadores eventuais agrarios das comunidades autónomas de Andalucía e Extremadura para poderen ser beneficiarios do subsidio por desemprego ou da renda agraria antes indicados.

Pola súa vez, na citada Lei 3/2010 regúlanse determinados beneficios fiscais aplicables ás catástrofes que se regulan no ámbito de aplicación contido no artigo 1 desta, ben que, dado que esta lei inicialmente incorporaba un ámbito temporal que non excedía o ano 2009, a regulación de tales beneficios fiscais se fixou, basicamente, atendendo a ese período.

Ao recoller a redacción definitiva un ámbito de aplicación temporal comprensivo desde o 1 de marzo de 2009 ata a entrada en vigor da norma, o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» (11 de marzo de 2010) conforme establece a súa disposición derradeira cuarta, resulta obrigado introducir unha modificación para estender a aplicación de determinados beneficios fiscais ás catástrofes ocasionadas durante o período de 2010 que inclúe aquela, xa que a regulación dos beneficios fiscais está suxeita ao principio de reserva de lei de acordo co disposto no artigo 8, alínea d), da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

A modificación que se introduce na Lei 3/2010, na materia indicada, supón incorporar a esta unha disposición adicional, a décimo primeira, de maneira que se regula a aplicación

en 2010 dos beneficios fiscais correspondentes á exención das cotas do imposto sobre bens inmobles e á redución no imposto sobre actividades económicas, regulados no artigo 7 daquela norma, así como as reducións fiscais especiais para as actividades agrarias que, para o ámbito do imposto sobre a renda das persoas físicas, contén o artigo 8 da dita lei.

As circunstancias excepcionais a que se pretende facer fronte, inundacións, incendios forestais e outras catástrofes naturais, que colocan os beneficiarios fiscais nunha situación de necesidade derivada dos danos producidos polos citados sucesos, xustifican a existencia dunha intervención extraordinaria e urxente, xa que, no caso contrario, se agravaría esa situación patrimonial ante a imposibilidade de facer fronte á carga tributaria conforme se vaia producindo o devengo de impostos e a exixencia de obriga de os satisfacer. Por iso, resulta necesario facer uso das previsións contidas no artigo 86 da Constitución mediante o ditado do oportuno real decreto lei.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de marzo de 2010.

DISPOÑO:

Artigo único. Redución do número mínimo de xornadas reais cotizadas para acceder ao subsidio por desemprego ou á renda agraria a favor dos traballadores eventuais agrarios afectados polas inundacións, acaecidas nos últimos meses, nas comunidades autónomas de Andalucía e Extremadura.

1. Os traballadores agrarios por conta allea de carácter eventual que, na data de entrada en vigor deste real decreto lei, estean incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social e, nesa data, residan nos municipios e localidades das comunidades autónomas de Andalucía e Extremadura, afectados polas graves inundacións acaecidas no mes de decembro de 2009 e durante os primeiros meses de 2010, e enumerados no anexo ao Real decreto 344/2010, do 19 de marzo, poderán ser beneficiarios do subsidio por desemprego que regula o Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, ou da renda agraria, regulada polo Real decreto 426/2003, do 11 de abril, mesmo cando non teñan cuberto no citado réxime da Seguridade Social o número mínimo de xornadas reais cotizadas establecido no artigo 2.1.c) ou no artigo 2.1.d) dos citados reais decretos, respectivamente, sempre que teñan cuberto no dito réxime especial un mínimo de 20 xornadas reais cotizadas nos doce meses naturais inmediatamente anteriores á situación de desemprego, reúnan o resto dos requisitos exixidos na normativa aplicable e o soliciten dentro dos 365 días naturais seguintes á entrada en vigor deste real decreto lei.

O previsto no parágrafo anterior tamén será de aplicación aos traballadores agrarios por conta allea de carácter eventual que, na data de entrada en vigor deste real decreto lei, estean incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social aínda que non residan nos municipios ou localidades indicados, sempre que, residindo no territorio das comunidades autónomas de Andalucía ou Extremadura, acrediten a realización de xornadas agrarias en tales municipios ou localidades nos doce meses naturais inmediatamente anteriores á data de entrada en vigor sinalada.

2. Cando se aplique o previsto no número 1 deste artigo, considerarase acreditado un número de 35 xornadas reais cotizadas para os efectos do establecido:

- a) No artigo 5.1.a) do Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro.
- b) Nos artigos 4.1 e 5.1.a) do Real decreto 426/2003, do 11 de abril.

3. Nas solicitudes que se presenten nos 365 días naturais seguintes á entrada en vigor deste real decreto lei no ámbito territorial indicado no número 1 deste artigo:

a) Para aplicar a disposición transitoria primeira do Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, deberase completar un número mínimo de 20 xornadas reais, cotizadas, na forma prevista na dita disposición.

b) Para aplicar a disposición transitoria segunda do Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, cando se acredite un número igual ou superior a 20 xornadas cotizadas, considerarase acreditado un número de 35 xornadas cotizadas.

Disposición transitoria primeira. *Solicitudes do subsidio por desemprego ou da renda agraria presentadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei.*

O disposto no artigo único tamén será de aplicación aos traballadores referidos nel que presentasen a partir do 30 de novembro de 2009 e antes da entrada en vigor deste real decreto lei a solicitude do subsidio por desemprego regulada no Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, ou a solicitude da renda agraria regulada no Real decreto 426/2003, do 11 de abril, sempre que presenten unha nova solicitude a partir da entrada en vigor deste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 3/2010, do 10 de marzo, pola que se aproban medidas urxentes para paliar os danos producidos polos incendios forestais e outras catástrofes naturais acontecidos en varias comunidades autónomas.*

Engádeselle unha disposición adicional décimo primeira á Lei 3/2010, do 10 de marzo, pola que se aproban medidas urxentes para paliar os danos producidos polos incendios forestais e outras catástrofes naturais acontecidos en varias comunidades autónomas, co seguinte contido:

«Disposición adicional décimo primeira. *Beneficios fiscais aplicables ás catástrofes naturais producidas en 2010.*

En relación cos danos ocasionados en 2010 polos incendios forestais e outras catástrofes naturais a que se refire o número 4 do artigo 1 desta lei, terase dereito aos seguintes beneficios fiscais:

1. Resultará de aplicación o disposto no artigo 7 desta lei, ben que a mención ao exercicio 2009 en relación coa exención das cotas do imposto sobre bens inmobles e coa redución no imposto sobre actividades económicas se entenderá efectuada ao exercicio 2010.

No suposto de que a gravidade dos danos producidos leve consigo o cesamento no exercicio da actividade sen reinicio, a citada redución no imposto sobre actividades económicas producirá efectos desde o día 31 de decembro de 2009.

2. Para as explotacións e actividades agrarias realizadas nas zonas que determine a orde que se dite en desenvolvemento do artigo 1 desta lei e conforme as previsións contidas no número 4.1.º do artigo 37 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, e o número 3 do artigo 38 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, o Ministerio de Economía e Facenda, á vista dos informes do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, poderá autorizar, con carácter excepcional, a redución dos índices de rendemento neto a que se refire a Orde EHA/99/2010, do 28 de xaneiro, pola que se desenvolven, para o ano 2010, o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido.

Así mesmo, para as explotacións e actividades agrarias realizadas nas zonas anteriormente sinaladas, excepcionalmente, para o exercicio fiscal do ano 2010, a porcentaxe de gastos de difícil xustificación aplicable ao rendemento neto procedente de tales cultivos na estimación directa simplificada do IRPF será do 10 por cento e permitirase, no exercicio 2010, calquera que sexa o método de determinación do rendemento, liberdade de amortización para os elementos afectados do inmovilizado material a que se refire o artigo 2 desta lei.

Os titulares de explotacións agrarias afectadas en 2010 que por tal motivo perciban neste ano indemnizacións de seguros ou de axudas previstas nesta lei e polo menos dúas terceiras partes dos ingresos derivados dos cultivos efectuados en 2009, para corrixir a progresividade do imposto sobre a renda das persoas físicas en 2010 poderán optar por aplicar, con carácter previo á toma en consideración do mínimo persoal e familiar, as escalas xeral e autonómica de xeito separado á parte da base liquidable xeral que se corresponda con tales axudas e indemnizacións e ao resto da citada base. Se no exercicio 2010 tiver tamén dereito á aplicación do disposto no último parágrafo do artigo 8 desta lei, a citada corrección de progresividade será única e efectuaríase tomando en consideración o importe total das axudas e indemnizacións a que se refire esta lei obtidas no dito exercicio.

O sinalado no parágrafo anterior resultará igualmente aplicable no período impositivo 2011 respecto das indemnizacións de seguros ou de axudas consideradas nesta lei correspondentes aos danos sufridos en 2010, cando se perciban en 2011 tales indemnizacións ou axudas e, polo menos, as dúas terceiras partes dos ingresos derivados dos cultivos efectuados no dito exercicio.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.^a e 17.^a da Constitución, que lle atribúen ao Estado, respectivamente, a competencia exclusiva sobre facenda xeral e a débeda do Estado e a lexislación básica en materia de Seguridade Social.

Disposición derradeira terceira. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Facúltase os membros do Goberno para, no ámbito das súas respectivas competencias, ditar cantas disposicións de carácter xeral sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento do previsto neste real decreto lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de marzo de 2010.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO